

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 24/05/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA ACCTAL**

ROSA M.<sup>a</sup> OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/05/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18 de maio de 2021, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/1777**

D. Francisco Borja Santamaría González, na súa condición de Presidente da Xunta directiva da Entidade Liceo-Casino de Vilagarcía de Arousa, presenta recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local do día 29 de marzo de 2021, coa finalidade de que a compensación de 14.007,52 € realizada recentemente polo Concello se aplace aos anos 2022, 2023 e 2024, tal e como dispón o convenio aprobado polo Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra mediante sentenza de 9 de xaneiro de 2020.

Dáse conta do seguinte informe da Secretaria Xeral:

1º.- Por Resolución da Alcaldía de 30 de marzo de 2020, acordouse o seguinte:

1. Adxudicar o contrato de compra venda a prazos do inmovible sito na Rúa Castelao nº 7 de Vilagarcía de Arousa, actualmente sede da entidade Liceo Casino de Vilagarcía, a favor de Liceo Casino Vilagarcía, con CIF G36010577, por un importe global de 425.000,00 €, a distribuír en tres anualidades, con cargo á aplicación do estado de gastos 151.62200.
2. Adquirir o compromiso de incluír nos orzamentos dos exercicios 2021 e 2022 as cantidades de 105.000,00 € e 100.000,00 € respectivamente, aos efectos de formalizar a escritura notarial, no presente mes de marzo, fixándose polo Concello os pagamentos conforme ás seguintes anualidades:

Marzo 2020: 220.000,00 € - Anualidade 2020

Marzo 2021: 105.000,00 € - Anualidade 2021.

Marzo 2022: 100.000,00 € - Anualidade 2022.

2º.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29 de marzo de 2021 acordou:

a) O recoñecemento da obriga da anualidade 2021, por importe de 105.000,00€, como 2º pago

da compra do inmovible sito na rúa Castelao nº 7 de Vilagarcía de Arousa, sede da entidade Liceo Casino de Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida 151.62200.

b) Da cantidade de 105.000,00€ foron deducidos os seguintes importes:

- 23.264,87€ (2º pago) en concepto de débeda do Liceo Casino coa entidade Abanca, e que debe ser ingresado polo Concello de Vilagarcía á entidade Abanca.

- 14.007,52€, en concepto de débeda total do Liceo Casino co Concello de Vilagarcía de Arousa, en calidade de crédito ordinario recoñecido ao concello, unha vez aplicada a quita acordada na Xunta de Acredores celebrada o 3 de decembro de 2019.

3º.- Debe terse en conta que o Liceo Casino aboou no ano 2020 toda a débeda que mantiña coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (37.388,52 €) e coa Axencia Tributaria (37.145,47 €), pese a que estaba previsto o aboamento destas débedas nas anualidades de 2022, 2023 e 2024.

4º.- Tamén debe indicarse que o prego de bases aprobado pola Administración Concursal para a adquisición polo Concello da sede da entidade, establece que o Liceo Casino debe estar en xaneiro de 2022 ao corrente das súas obrigas fiscais e coa seguridade social, polo que, si o Concello non percíbese a cantidade total de 1 4.007,52 € ata o ano 2024 estaría incumprindo o citado prego de bases.

5º Por último, indicar que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de novembro de 2020 acordou anular todos aqueles recibos/liquidacións que estaban pendentes de pago por parte do Liceo Casino e que se devengaron con posterioridade á comunicación da débeda á Administración Concursal. Dita anulación estaba xustificada polo interese social da entidade (que xa viña gozando de bonificación do 90% nas taxas polo seu carácter de entidade sen fins lucrativos) e polo compromiso por parte do Concello da compra do inmovible e da asunción das débedas pendentes.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición citado, en base aos argumentos transcritos anteriormente.

#### **PRP2021/1778**

Dáse conta do escrito da Axencia Galega de Infraestruturas solicitando de todos os Concellos de Galicia, a seguinte documentación, para redactar "A estratexia Galega de mobilidade":

- Información relativa á planificación restratéxica en materia de infraestruturas de mobilidade, para a súa análise no marco da Estratexia de Mobilidade.

- Información relativa aos seus plans e programas que, en materia de estradas, aprobábase ou estean a desenvolver no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/1779**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar, S.L. para aluguer dun sanitario para a praia do Preguntoiro 120 días do verán, por un importe total de 631,62€ (IVE incluído), con cargo á partida 4591-203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1780**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construcciones, Obras y Viales, S.A. para subministro de aglomerado quente e emulsión destinado a reparacións de camiños para o correcto funcionamento do servizo

durante o exercicio 2021, por un importe total de 9.486,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 454-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1781**

Dáse conta da comunicación do Instituto Nacional de Estadística(INE) da próxima realización de enquisa de características esenciais na poboación e as vivendas 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/1786**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Rodriguez Rey, solicitando autorización para ocupación de vía pública na rúa Covadonga para realizar unha acción de marketing na tenda La Tetereta, o día 21 de maio de 2021, en horario de 10:00 a 20:30 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/1789**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sistemas de Control Artes Gráficas SL para o subministro de 50.000 impresos para recibos e notificacións de prema, modelo estandarizado nas aplicacións informáticas do concello, empregado para calquera tipo de notificación (recibos, providencias de constrinximento ,liquidacións tributarias, denuncias de tráfico etc), empregado polos departamentos de Recadación, Rendas e Policía Local, consistente nun autosobre que é dobrado e pechado nunha máquina pregadora, con este sistema afórrase o sobre, o acuse de correos e o ensobrado manual, por un importe total de 2.671,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2021/1705**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación coa próxima finalización do contrato dos 4 auxiliares que reforzan o Servizo de Policía Local dende o 1 de febreiro de 2021 e solicitando a continuidade na contratación de persoal auxiliar de policía Local por un período de un meses, para o desempeño de funcións de apoio e auxilio no marco do disposto na lexislación de forzas e corpos de seguridade, sempre acompañado de persoal funcionario de Policía Local na súa quenda de servizo, de xeito que este poida controlar, complementar ou corrixir, se é o caso, a súa actividade laboral.

Dáse conta do informe do Negociado de Recursos Humanos e vista a autorización concedida pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a continuidade por 1 mes, ata o 30 de xuño de 2021, de 3 auxiliares da Policía Local.

**PRP2021/1734**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de abril de 2021, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Ciudadanos, por un importe total de 600,00€

**PRP2021/1735**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de abril de 2021, por un importe total de 8.400,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisions informativas	DIETAS INFORMATIVAS COMISIÓNS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	2	x 110,00 €	1.000,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
D. JUAN MARCOS ALCALDE VÁZQUEZ	2	x 130,00€	1	x 110,00€	370,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	2	x 130,00 €	1	x 110,00 €	370,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 130,00 €	--	x 110,00 €	260,00
Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00
TOTAL					8.400,00

**PRP2021/1760**

Dáse conta da convocatoria e bases específicas para a cobertura dunha praza de Técnico/a medio informática (grupo B) vacante no cadro de persoal funcionario deste Concello, mediante quenda promoción interna. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e prestalle a súa conformidade.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

#### PRP2021/1785

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica para celebrar o programa Espavila- Edición das flores os días 29/30 de maio de 2021 a desenvolverse en diferentes espazos da cidade. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento total por importe estimado de 16.924,36€ IVE engadido, coa seguinte desagregación:

#### MESAS COLOQUIO E RELATORIOS:

Carmen Salinero Corral	36020677D	100,00 € suxeit a retención
Pilar Vela Fernández	36105401R	100,00 € (Sux. a retención)
Olga Agüin Casal	35312166J	100,00 € (Sux. a retención)
Gaspar Bernárdez Villegas	53112120Z	242,00 € (IVE INCLUIDO)
Hifas Foresta S.L.	B94194834	363,00 € (IVE INCLUIDO)
Outros técnicos intervinientes		300,00 € (estimado)
TOTAL RELATORIOS E MESAS COLOQUIO estimado)		1.205,00 € con cargo á partida 4311-22799

#### AMBIENTACIÓN ESPAZOS:

Elementos decorativos ambientación	TROQUIÑA S.L. (CIF 36268217)	990,00 € IVE INCLUIDO
Especies florais para ambientación	O Piñeiro Garden&home SL. (CIF. B36213460)	4.683,00 € IVE INCLUIDO
TOTAL AMBIENTACIÓN ESPAZOS		5.673,00 € IVE INCLUIDO cn cargo á partida 4311-221-99

#### EXPOSICIÓN:

ASOCIACION CULTURAL CLUB BONSAI PONTEVEDRA	G-94181328	450 sux retención
TOTAL EXPOSITORES		450,00 € (sux retencion) con cargo á partida 4311-22799

#### EVENTOS GASTRONÓMICOS

ARTESA RIAS BAIXAS S.L.	B36555274	SHOW COOKING E DEGUSTACIÓN 28 E 29 MAIO	7.392,00 € IVE INCLUIDO
TOTAL EVENTOS GASTRONÓMICOS			7.392,00€ IVE INCLUIDO con cargo á partida 4311-22799

#### OBRADOIROS

MAR BARRAL NUÑEZ	35.453.766-W	Artesanía floral	242,00 € IVE INCLUIDO
ANA MIGUÉNS BOUZÓN	35470233R	Artesanía floral	290,40 € IVE INCLUIDO
ACEMELIA Camelia Cosmetiques SL	B27876960	Cosmética floral	181,50 € IVE INCLUIDO
A CASA DA TORRE SL	B36379899	Hortos urbanos	490,46 € IVE INCLUIDO
TOTAL OBRADOIROS			1.204,36€ IVE INCLUIDO con cargo á partida 4311-22799

#### OUTROS (estimados)

MODERADOR	
MATERIAL DIVULGATIVO E CONSUMIBLES	
CATERING	

### **PRP2021/1788**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Forme 2020", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ara Negocios, SL para a realización da actividade complementaria "Chamadas entrantes teleasistencia" para a especialidade de atención sociosanitaria, por un importe de 2.420,00€, con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/1793**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Labora Xove 2020", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Clece, S.A. para a contratación do servizo de limpeza dos vestiarios vellos do C.F. Municipal de Vilaxoan, para a súa utilización pola especialidade "Socorrismo acuático e goberno de embarcacións de salvamento" por un importe de 361,98€(ive engadido) con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2021/1790**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os orzamentos presentados para subministro de materiais bibliográficos para a rede municipal de bibliotecas, con cargo á partida 3321.22001, coa seguinte desagregación:

- Orzamento Edicións Xerais de Galicia SA, por importe de 1.407,70 €
- Orzamento Editorial Galaxia SA, por importe de 917,21 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/1759**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da adxudicación, dos seguintes gastos da IV edición do Festival Internacional de Música clasclas 2021 con cargo ao proxecto 2021-3-POS21-10, coa seguinte desagregación:

Primeiro.- Aprobación dos contratos e cachés dos artistas da IV edición do Festival Internacional de Música clasclás 2021 que ascende por un total de 22.286,00 € con cargo a la aplicación presupostaria 326122606:

- Beatrix, Jerie, con pasaporte Suizo , en representación do Trío Guarneri de Praga
- Adam Skoumal, con pasaporte nº 43261667 de la República Checa, en representación

propia e de Milan Al-Ashhab

- Jenita Veurink con Pasaporte nº NPL38LRJ9 de los Países Bajos en representación del Ardemus Quartet Cöoperatie U.A. con Número de identificación fiscal 75775409
- Vit Petrašek, con Documento de Identificación nº 201559468 de la República Checa, en representación do Epoque Quartet con Número de identificación fiscal 04435044
- Judith Jauregui, con DNI 72501060T en representación propia

ARTISTAS	IMPORTE	IVA 10 %	IVA 21%	Total
Beatrix Jerie, repr. Guarneri Trío de Praga	6.600,00 €	*exento Art. 20 de la Ley 37/1992		6.600,00 €
Adam Skoumal, repr. propia y Milan Al- Ashhab	4.000,00 €	400,00 €		4.400,00 €
Jenita Veurink, repr. Ardemus Quartet	3.000,00 €		630,00 €	3.630,00 €
Vit Petrašek , repr.Epoque Quartet	3.600,00 €		756,00 €	4.356,00 €
Judith Jauregui, repr. propia	3.000,00 €	300,00 €		3.300,00 €
TOTAL				22.286,00 €

Segundo.- A aprobación dos gastos de Fotografía e Vídeo do Festival presentados por Cristina Durán Recuna con DNI 35476266P e polo importe total de 4.961,00 €, IVE xa engadido, con cargo a aplicación presupostaria 3261-22706.

Así mesmo que polo Departamento da Intervención Municipal se proceda á inclusión no proxecto 2021-3-POS21-10 dos seguintes gastos:

1. Os gastos de Mantemento das RRSS e WEB do Festival, adxudicados pola XGL a Cristina Durán Recuna na sesión do 18/01/2021 e polo importe total de 3.726,80 €.
2. Os gastos de aloxamento dos artistas no Hotel Castelao, pendente de presentar a proposta concreta e polo importe de 5.000,00 € aproximadamente.

## **PRP2021/1755**

Dáse conta do informe de organización do proxecto e orzamento da IV Edición do Festival Internacional de Música Clásica Clasclas 2021.

Primeiro.- Proxecto do Festival e orzamento total

Que o pasado mes de novembro, a XGL na sesión do 23/11/2020 aprobou a proposta de realización da IV edición do Festival Internacional de Música clasclás 2021 baixo a dirección artística do Trío Guarneri de Praga. Compre pois, proceder deseguido á aprobación do proxecto de desenvolvemento do Festival, que se achega como anexo I e o seu orzamento desagregado polo importe total de 78.595,93 € que figura ao final deste informe e coma anexo III.

O festival desenvolverase desde o 26 de xuño ata o 4 de xullo de 2021.

A Dirección artística ten deseñado un total de CINCO concertos a realizar ao longo deste período e que son os seguintes:

- Trío Guarneri de Praga, 26 de xuño, Concerto de inauguración do festival
- Milan Al-Ashhab, violín e Adam Skoumal, piano, 28 de xuño
- Ardemus Quartet, saxofóns, 30 de xuño
- Judith Jáuregui, 2 de xullo
- Epoque Quartet, 4 de xullo, Concerto de clausura do festival  
Por outra banda o Concello de Vilagarcía desexa engadir un concerto máis a listaxe anteriormente sinalada e que terá lugar o xoves 1 de xullo, co obxectivo de que a música galega teña sempre presenza e cabida neste festival. Este concerto celebrarase dentro do ciclo “Ás 9 na praia” e correrá a cargo da cantante Uxía Senlle que actuará na compañía do seu guitarrista Sergio Tannus.

Segundo.-

Orzamento

O orzamento de gastos do festival ascende a cantidade de 84.101,90 €, sendo os ingresos os que se indican a continuación:

- Recursos propios = 48.595,93 €
- Subvención Deputación Provincial. Plan Concellos 2021 = 30.000,00 €
- Contrato de Patrocinio Ramiro Carregal Rey = 4.101.90 €, que se achega a este informe coma anexo II

A Deputación Provincial ten concedido ao Concello unha subvención polo importe de 30.000,00 € cun orzamento de 30.500,00 € para os Gastos de Funcionamento do Festival clasclas 2021. O proxecto desta subvención figura na contabilidade municipal coma 2021-3-POS21-10. A este proxecto cargaranse os gastos correspondentes aos cachés, e aloxamento dos artistas, así coma os gastos de cobertura e mantemento das RRSS e WEB del festival e a os gastos de fotografía e imaxe do festival polo importe de 35.973,80 € pormenorizado todo elo nunha proposta diferenciada.

O importe restante do orzamento de gastos, descontados aqueles que se cargarán ao 2021-3-POS21-10, ascende a 42.622,13 € e figura de desagregado na columna de RRPP do orzamento do Festival. Desta cantidade solicitarase unha provisión de fondos polo importe de 16.315,93 € para facer fronte a determinados gastos do festival, e que figuran e cor verde na columna de RRPP.

Propostas de gasto  
Achéganse a este informe orzamentos de gasto solicitados a diferentes empresas e/ou profesionais, provedores habituais do Concello, para a realización de diferentes servizos naqueles campos nos que o Concello non os pode realizar con medios propios, ben por carecer dos mesmos ou ben por non sobrecargar en exceso a determinados servizos moi demandados por todos os departamentos. Son os seguintes:

- Gastos de viaxe dos artistas segundo figura no orzamento do festival por un importe total de 6.600,00 € , con cargo a unha provision de fondos que se solicitará posteriormente.
- Contratación da cantante Uxía Senlle (María Uxía Domínguez Senlle ) polo importe total de 1.980,00 €
- Carlos Crespo Gómez, Dito &Feito servizos de comunicación con DNI 15373039T. Sesións musicais do 1 de xullo na praia de Compostela previa e posterior ao concerto de Uxía Senlle; deseño gráfico, comunicación e presentacións do festival, polo importe total de 1.089,00 €
- Hinves Pianos S.L. con CIF B 18651901 , aluguer dun piano de cola Steinway & sons D274 para os concertos dos días 26 e 28 de xulo e 2 de xullo polo importe total de 4.101,90 €
- Global Setup, con CIF: B94119104, Producción técnica de vídeo e son con dúas pantallas xigantes na rúa para os concertos do festival desde o 26 de xuño ata o 4 de xullo polo importe total de 6.085,09 €
- Gestión y servicios para espectáculos SL, con CIF B27837111Xestión de entradas gratuítas para os concertos do festival, xestión de accesos con dúas persoas e xestión de clientes polo importe total de 1.452,00 €.

Terceiro.- Programa de Masterclasses, acordos de colaboración e becas  
No Proxecto do Festival figura, ademais, a realización dun sólido programa de Masterclasses para Piano Trío impartidas polo Trío Guarneri de Praga a diversos grupos de piano trío de cinco



centros educativos superiores do estado. Para a vindeira edición do Festival no ano 2022 se prevé que o alumnado do Conservatorio (menor de idade na súa maioría) poida recibir clases de perfeccionamento instrumental. Para esta IV edición aínda marcada pola pandemia, decidiuse adoptar as máximas precaucións e medidas para coa participación do noso alumnado que poderá, en calquera caso, asistir aos concertos que desexen e as sesión das Masterclasses que impartirá o Trío Guarneri de Praga coma oíntes.

- Programa de Masterclasses deseñouse entorno a acordos de colaboración que o Concello de Vilagarcía de Arousa subscribirá con cinco centros de ensino superior de todo o estado; ditos centros seleccionan, de entre o seu alumnado, a cinco tríos de piano que acudirán a Vilagarcía de Arousa a recibir Masterclasses de Piano Trío a cargo do Trío Guarneri de Praga e que son os seguintes :
- Conservatorio Superior de Música de Vigo, CSMV
- Conservatorio Superior de Castilla y León, COSCYL en Salamanca
- Centro de Estudios Superiores de Música del País Vasco – MUSIKENE en San Sebastián
- Escuela Superior de Música de Cataluña, ESMUC en Barcelona
- Escuela Superior de Música Reina Sofía, ESMRS en Madrid
- Ao longo do curso académico os Tríos seleccionados polos centros están a preparar co seu profesorado o repertorio que van traballar nas Masterclasses, procurando deste xeito acadar varios obxectivos:
- Que o proxecto pedagóxico do festival teña unha importante compoñente estatal, sen descartar a futura participación de centros estranxeiros.
- Que o proxecto pedagóxico se sustente en acordos de colaboración institucional con centros educativos, tanto públicos coma privados, involucrando aos equipos directivos dos centros e ao seu profesorado.
- Que o alumnado que participe no festival non se misture, para esta edición debido á pandemia do COVID 19, con alumnos doutros centros para a actividade docente.
- Que se achegan a este informe, e como anexo III, os acordos de colaboración a subscribir cos cinco centros educativos anteriormente citados
- Que coma parte dos acordos de colaboración cos devanditos cinco centros, figura que o Concello de Vilagarcía financiará os gastos de desprazamento dos participantes mediante un programa de becas ao que se destinará un importe máximo de 1.700,00 € do orzamento do festival e en base aos seguintes criterios:
- Distancia do centro de procedencia
- Necesidades de transporte do instrumento (os violonchelos deben viaxar na cabina do avión)

Unha vez aplicados os criterios expostos, e sendo un total de quince alumnos os becados (cinco tríos ) achégase baixo estas liñas a listaxe cós datos identificativos dos mesmos, así como o importe adxudicado a cada un deles. O importe das becas de desprazamento aboarase mediante transferencia bancaria e con cargo a unha provisión de fondos que se solicitará para o festival.

PROGRAMA DE BECAS MASTERCLASS 2021			
Axudas de desprazamento			
Centro de procedencia	Nome e apelidos	NIF	Importe
ESMRS - MADRID Trío Arriaga de Banco de España	Sara Valencia Villeta	06014980 C	100,00 €
	Alejandro Gómez Pareja	05958440 Z	100,00 €

	Manuel Alonso-Bartol Sánchez	70908659 G	100,00 €
ESMUC - BARCELONA. Trío Gaudí	Jordi Prim Roma	48050883L	150,00 €
	Quim Tejedor Arruga	46480383M	200,00 €
	Emma Stratton Pedret	41532078N	150,00 €
COSCYL - SALAMANCA. Trío Perpetuo	Marta Tur de Carlos	29497805 Y	100,00 €
	Laura Silva Huerta	71969089L	100,00 €
	Carmen Larios Caparrós	20531696X	100,00 €
CSMV - VIGO. Trío Entelequia	Marta Diéguez Varela	32721291L	50,00 €
	Aldara Otero Fernández	34275075S	50,00 €
	Antonio González Uris	35583665C	50,00 €
MUSIKENE- DONOSTI. Trío Island	Jesús Perogil Ostos	30696471G	150,00 €
	Pablo Ruiz Arranz	71166945T	150,00 €
	Izaro Yáñez Sorondo	73041933M	150,00 €
TOTAL			1.700,00 €

- Que outra parte das axudas recollidas nos acordos a asinar cos cinco centros, fai referencia a que o Concello costeará os gastos de aloxamento dos participantes nun establecemento turístico de Vilagarcía, quedando pendente de presentar esta proposta de gasto.
- Que, co obxectivo, de aportar a máxima seguridade para todos os participantes, o Concello de Vilagarcía ten previsto realizar probas de antíxenos COVID 19 aos alumnos destes cinco centros unha vez cheguen a Vilagarcía. O gasto correspondente a estas probas solicitarase realizalo con cargo a unha provisión de fondos para o desenvolvemento do festival.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:  
Primeiro.- A aprobación do proxecto de desenvolvemento da IV edición do Festival Internacional de Música clasclas 2021, que figura coma anexo I a este informe.

Segundo.- A aprobación do acordo de colaboración co Sr. D. Ramiro Carregal Rey para o financiamento do festival mediante unha aportación económica igual ao custo do aluguer do piano de cola preciso para o desenvolvemento do festival, isto é 4.101,90 €.

Terceiro.- A aprobación do proxecto de orzamento da IV edición do Festival Internacional de Música clasclas 2021 polo importe total de 78.595,93 €.

Cuarto.- A aprobación dos seguintes gastos con cargo ao orzamento de RRPP do festival:

- Gastos de viaxe dos artistas segundo figura no orzamento do festival por un importe total de 6.600,00 € , con cargo a unha provision de fondos que se solicitará posteriormente. (3261.22609)
- Contratación da cantante Uxía Senlle (María Uxía Domínguez Senlle ) polo importe total de 1.980,00 € (3261.22606)
- Carlos Crespo Gómez, Dito &Feito servizos de comunicación con DNI 15373039T. Sesións musicais do 1 de xullo na praia de Compostela previa e posterior ao concerto de Uxía Senlle; deseño gráfico, comunicación e presentacións do festival, polo importe total de 1.089,00 € (3261.22706)
- Hinves Pianos S.L. con CIF B 18651901 , aluguer dun piano de cola Steinway & sons D274 para os concertos dos días 26 e 28 de xulo e 2 de xullo polo importe total de 4.101,90 € (3261.205)
- Global Setup, con CIF: B94119104, Producción técnica de vídeo e son con dúas pantallas xigantes na rúa para os concertos do festival desde o 26 de xuño ata o 4 de xullo polo

importe total de 6.085,09 € (3261.22706)

- Gestión y servicios para espectáculos SL, con CIF B27837111Xestión de entradas gratuitas para os concertos do festival, xestión de accesos con dúas persoas e xestión de clientes polo importe total de 1.452,00 €. (3261.22706)

Quinto.- Aprobación do Programa de Masterclasses do Festival, dos acordos a asinar cos cinco Centros de Estudo Superiores de Música e do programa de Becas para axudas de desprazamento dos participantes polo importe total de 1.700,00 € e con cargo ao orzamento do festival e segundo figura desagregado no apartado terceiro deste informe. Solicitarase este importe con cargo a unha provisión de fondos para o festival.

## **SANIDADE**

### **PRP2021/1771**

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por JR Sabater SA, para subministro de vinagre concentrado de alcohol para uso como herbicida ecolóxico para uso nos Cemiterios Municipais, (2000 litros x 0,57 €/litro, máis IVE 10%), dando un importe total de 1.254,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2021/1732**

Por don José Manuel Patiño Pinto, preséntase reclamación por responsabilidade patrimonial da administración, derivada danos causados en muro en finca no lugar de A Pelada e que traen causa das obras executadas por este concello para a construción dun aparcamento disuasorio en A Pelada Faxilde.

Polo Sr. Patiño Pinto achégase informe técnico, asinado polo arquitecto técnico don Joaquín Lustres Carregal, onde se conclúe que os danos producidos na propiedade do reclamante son producidos polos cuantiosas precipitacións do pasado 16 de xaneiro de 2021, que desbordaron a cuneta existente no aparcamento acumulándose na súa parcela o que provocou a derrumbe do muro de peche.

Polo enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, emítase informe con data 23 de marzo de 2021, onde se indica que unha vez realizada visita de inspección, comprobouse que a parcela do interesado atópase a unha cota inferior a explanación do aparcamento disuasorio, constatándose tamén que os danos no muro e finca do interesado sitúanse no punto máis baixo da súa parcela, sendo coherentes os argumentos do informe técnico achegado á reclamación de responsabilidade patrimonial.

O enxeñeiro técnico Sr. Álvarez González valorada á reparación dos danos en 6.231,50€ (IVE engadido).

Solicitada ofertas as ofertas ás empresas que a seguir se indicar, preséntanse as seguinte:

Empresa	Oferta (IVE excluído)
Construcciones y Cantería Estaban e Hijos	4.640,00€

Construcciones Miguel Ángel Rey, S.L.	4.800,00€
Escavaciones Mosteiro, S.L.	5.120,00€
Construcciones Cesar Paz, S.L.	7.690,00€

